

**Sr. Director Xeral de Función Pública
Consellería de Facenda**

Asunto: Alegacións ao anteproxecto de Lei de Medidas Administrativas 2018

Os empregados públicos da Administración da Xunta de Galicia amosamos con creces a nosa capacidade de sacrificio e solidariedade nos tempos da crise. Sacrificio e solidariedade que nos últimos cinco anos traducíronse nuns brutais recortes de dereitos laborais e de salarios impostos polo goberno da Xunta de Galicia. Así, nos últimos cinco anos, cífranse en cerca de 600 millóns de euros as retribucións que os empregados públicos deixamos de percibir (supresión do complemento específico das pagas extraordinarias e supresión do Fondo de Acción Social). E elo sen computar o deixado de percibir como consecuencia da suspensión xa no ano 2010 dos Acordos retributivos no ámbito do Sergas.

Para esta organización resulta contradictorio que mentres o Sr. Presidente da Xunta afirma que Galicia abandonou a recesión, que todos os indicadores están en verde e anima ás empresas a que incrementen os salarios, a propia Xunta siga sendo debedora dos seus empregados.

Esta organización lamenta que non se utilicen estes orzamentos para facer un recoñecemento á contribución notable e directa dos empregados públicos á recuperación económica. Que non se utilice estes orzamentos para comezar a devolver aos empregados públicos a parte do salario que durante catro anos tiveron que prestar forzosamente e sen consentimento ao goberno galego. En

definitiva, esta organización lamenta que o goberno galega non faga un mínimo xesto que indique a súa vontade de devolverlle a cada un dos seus traballadores todo canto lle debe.

CSIF presenta as súas alegacións á parte do anteproxecto da Lei de medidas administrativas para o ano 2018 que lle deu a coñecer a Administración. Ditas alegacións figuran como **Anexo I**.

Pero CSIF, mantendo o seu compromiso cos empregados públicos reitera as alegacións ao texto do anteproxecto de Lei de medidas administrativas do ano 2017, que foron obxecto de aprobación parlamentaria posterior, para que novamente sexan tidas en conta no anteproxecto do ano 2018. Ditas alegacións figuran como **Anexo II**.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2018

José Fco. Méndez Castro
Presidente de CSIF Galicia

**ANEXO I
ALEGACIONES LEI MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS
2018**

ALEGACIÓNS DA CSIF
**BORRADOR DO TEXTO DA LEI DE MEDIDAS
FISCAIS E ADMINISTRATIVAS 2018**
(APARTADO DE EMPREGO PÚBLICO)

A) Alegacións ao texto facilitado pola Dirección Xeral de Función Pública o pasado día 10 de outubro de 2017: Modificacións introducidas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

1º.- Concurso específico (art. 91.2):

Texto proposto pola D.X. de Función Pública:

“2. Para participar nos concursos específicos regulados neste artigo é requisito necesario unha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de ~~dos anos~~ **SEIS MESES** para poder participar nos concursos específicos regulados neste artigo.”

Como xa denunciámos no seu momento, a Lei de emprego público foi elaborada co único fin de mellorar a situación laboral e establecer privilexios para colectivos concretos de empregados públicos así como para permitir o acceso á función pública de persoal que non ten a condición de empregado público. Así en dita lei implantábase de unha maneira abusiva e desproporcionada as figuras do Persoal Directivo, se modificaba a provisión de postos por Libre Designación e se creaba o sistema de Concurso Específico.

Con respecto ao concurso específico, a súa única finalidade é a de establecer prazas singularizadas ou “ad hoc” para que poidan ser ocupadas en exclusiva por determinados funcionarios sen que os requisitos de mérito e capacidade sexan determinantes para elo. O mérito prevalente para ser adxudicatario é o baseado en criterios de “nepotismo”.

Sen embargo, con esta modificación que se propón parece que se quere outorgar un novo privilexio aos destinatarios destas prazas ao reducir o tempo mínimo de permanencia antes de poder participar noutro concurso: Na redacción actual, o tempo mínimo de permanencia nas prazas obtidas polo sistema de Concurso Específico é de dous anos. Mesmo tempo de permanencia que nas prazas obtidas por concurso ordinario. Non obstante, a proposta formulada dende Facenda pretende reducir ese tempo mínimo a seis meses.

Dende CSIF non poriamos obxección ningunha a tal redución do tempo mínimo de permanencia no posto obtido por Concurso Específico si o mesmo réxime e tratamento se aplica aos postos obtidos por Concurso Ordinario.

A este respecto, o EBEP no seu artigo 79.2 remite o prazo mínimo de ocupación dos postos obtidos por concurso para poder participar noutros concursos de provisión ás respectivas leis de Función Pública de cada Administración Pública.

En consecuencia, de manterse a proposta formulada dende a Dirección Xeral de Función Pública, **dende CSIF propónse unha nova modificación da Lei 2/2015:**

Concurso Ordinario (Art. 90.2)

“2. O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de ~~dois anos~~ **SEIS MESES** para poder participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo”

E todo elo en base ao principio de igualdade de trato para todos os funcionarios desta Administración e co fin de evitar situacións de privilexios e agravios comparativos.

2º- Comisión de servizos voluntaria (Art. 96.1).

Texto proposto pola Dirección Xeral de Función Pública:

c) Cando os postos estean ocupados por persoal funcionario de carreira que teña a condición de representante do persoal e teña recoñecido un crédito de horas para o desempeño desa función equivalente á xornada de traballo completa.

O apartado VI do Acordo de Dereitos Sindicais no ámbito da Administración da Xunta de Galicia establece a posibilidade de concesión de permisos sindicais a tempo completo a persoal funcionario da Administración Xeral ou persoal laboral do V Convenio Colectivo que non ostente a condición de delegado/a de persoal/membro do comité de empresa ou delegado/a sindical.

En consecuencia, **dende CSIF propónse o seguinte texto alternativo:**

- c) Cando os postos estean ocupados por persoal funcionario de carreira ~~que teña a condición de representante do persoal~~ e teña recoñecido un crédito de horas para o desempeño da función sindical equivalente á xornada de traballo completa.

3º- Escala de Vixiante de Recursos Naturais (Disposición Adicional novena).

Texto proposto pola Dirección Xeral de Función Pública:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de Vixiantes de Recursos Naturais		C2	<p>Con carácter xeral, realizarán as seguintes funcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Informar e asesorar á administración e á cidadanía en asuntos tanto relacionados cos aproveitamentos piscícolas en augas continentais e os recursos cinexéticos, como coa 	Titulación de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente

			<p>xestión dos espazos naturais.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Policía e custodia da riqueza ictícola e cinexética así como dos espazos naturais, formulando as denuncias que procedan no seu ámbito de actuación. - Vixilancia, custodia e mantemento das infraestruturas da consellería con competencias en materia de conservación da natureza, executadas en beneficio da riqueza piscícola e cinexética e/ou as executadas nos espazos naturais, incluída a reposición do patrimonio inmobiliario e elementos de sinalización dos espazos naturais e/ou os relacionados co aproveitamento dos recursos cinexéticos e/ou piscícolas. -Vixilancia e control dos ecosistemas, velando pola loita e/ou erradicación das posibles ameazas á biodiversidade. -Seguimento, localización, mostraxes e controis sobre os valores dos espazos naturais, especialmente daqueles que motivaron a declaración destes como espazos protexidos, de ser o caso, así 	
--	--	--	--	--

			<p>como a colaboración na realización de labores de control, seguimento e mostraxe da fauna e flora silvestres.</p> <ul style="list-style-type: none">- Execución das directrices de xestión e vixilancia para o cumprimento das normas aplicables en materia de conservación e preservación dos valores dos espazos naturais, especialmente no relativo ao control do uso público destes espazos.- Calquera outra función que se lle encomende en relación coa xestión e tutela dos recursos naturais e coa conservación do medio ambiente.	
--	--	--	---	--

Dende CSIF propónse a seguinte redacción:

Cinco. No número 4 bis da disposición adicional novena engádesse un nova escala, nos seguintes termos:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
<p>Escala de</p> <p>Garda Rural/Garda de Recursos Naturais</p>		C2	<p>Con carácter xeral, realizarán as seguintes funcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Informar e asesorar á administración e á cidadanía en asuntos tanto relacionados cos aproveitamentos piscícolas en augas continentais e os recursos cinexéticos, como coa xestión dos espazos naturais. -Policía e custodia da riqueza ictícola e cinexética así como dos espazos naturais, formulando as denuncias que procedan no seu ámbito de actuación. - Vixilancia e custodia das infraestruturas da consellería con competencias en materia de conservación da natureza, executadas en beneficio da riqueza piscícola e cinexética e/ou as executadas nos espazos naturais, incluída a reposición do patrimonio 	<p>Titulación de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente</p>

			<p>inmobiliario e elementos de sinalización dos espazos naturais e/ou os relacionados co aproveitamento dos recursos cinexéticos e/ou piscícolas.</p> <p>-Vixilancia e control dos ecosistemas, velando pola loita e/ou erradicación das posibles ameazas á biodiversidade.</p> <p>-Seguimento, localización, mostraxes e controis sobre os valores dos espazos naturais, especialmente daqueles que motivaron a declaración destes como espazos protexidos, de ser o caso, así como a colaboración na realización de labores de control, seguimento e mostraxe da fauna e flora silvestres.</p> <p>-Traslado das directrices de xestión e vixilancia para o cumprimento das normas aplicables en materia de conservación e preservación dos valores dos espazos naturais, especialmente no relativo ao control do uso público destes espazos.</p> <p>- Calquera outra función que se lle encomende en relación coa xestión e tutela dos</p>	
--	--	--	---	--

			recursos naturais e coa conservación do medio ambiente.	
--	--	--	---	--

B) Modificacións que CSIF propón introducir na Lei de Medidas Administrativas 2018:

1. Revisión e **DERROGACIÓN DA LEI 1/2012** de medidas temporais en determinadas materias do emprego público.
 - a. **Remate da suspensión do complemento ás prestacións da seguridade social en situación de incapacidade temporal.**
 - b. **Reposición do Fondo de Acción Social.**
 - c. **Reposición da totalidade dos días de libre disposición.**
 - d. **Levantamento da suspensión da totalidade dos artigos 19, 29, 34.2 do Convenio Colectivo e 3.3.8 do acordo do SPDCIF . Neste senso, lembramos que o punto primeiro parágrafo do artigo 19 e o punto 3.3.8 do acordo do SPDCIF foron suspendidos a través de sucesivas leis de orzamentos.**

- e. Ampliación da **protección do artigo 7 tamén fronte a procesos selectivos** mentres a Xunta non cumpra a súa obriga de convocar os procesos de consolidación. Recoñecemento expreso do dereito ó persoal funcionario.
2. **PLAN EXTRAORDINARIO DE CONSOLIDACIÓN** para todas aquelas prazas cubertas de forma temporal ou interina dende a lo menos 3 anos, garantindo a súa extensión a todos os sectores, departamentos ou servizos da Xunta de Galicia.
 3. Plan de **devolución das cantidades requisadas** en concepto de complemento específico ou equivalente o longo dos anos 2013, 2014, 2015 e 2016. Dito recorte foi imposto en solitario por este goberno mentres na administración do Estado se cobrou todos eses anos.
 4. **PLAN DE RECUPERACIÓN DO PODER ADQUISITIVO** perdido o longo dos últimos anos, con especial mención o recorte do 5% do goberno Zapatero.
 5. **RESTITUCIÓN DO RESTO DOS ACORDOS**, pactos ou convenios suspendidos ou anulados.
 6. Revogación da limitación establecida con carácter xeral da cobertura temporal e postos de traballo por persoal interino ou temporal
 - 7.
 8. Modificación das medidas impostas unilateralmente na lei de acompañamento do ano 2017 en relación a funcionarización do persoal laboral. **REVISIÓN DAS ESCALAS. RETIRADA DA INTERINIZACIÓN FORZOSA**. Neste caso reiteramos e volvemos a presentar como anexo do presente documento as alegacións presentadas pola CSIF en relación á lei de medidas fiscais e administrativas do ano 2017

Para a **CSIF** as medidas propostas son urxentes e inaprazables se queremos avanzar na procura duns servizos públicos modernos e de calidade, nos que a **estabilidade** e a **profesionalidade** sexan o seus alicerces principais.

A este respecto, faise preciso recordar que **os empregados públicos da Administración da Xunta de Galicia amosaron con creces a súa capacidade de sacrificio e solidariedade nos tempos da crise. Sacrificio e solidariedade que nos últimos 5 anos se cifra en 600 millóns de euros**, sen contar o correspondente á suspensión dos Acordos retributivos do Sergas.

ANEXO II ALEGACIONES LEI MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS 2017

ALEGACIÓNS DA CSIF

LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS 2018

Proposta de modificación do Artigo 9.- Escalas e especialidades dos corpos de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

A proposta de creación da escala de Persoal de Servizos Xerais (PSX) exemplifica o que nunca debe producirse no marco de integración do persoal dun ente instrumental dentro do V Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Xunta de Galicia e da súa posterior funcionarización; a **desvalorización e a desprofesionalización do emprego público**.

As funcións de dita escala serían:

- Administrativa e de apoio á xestión.
- Recepción, portería, atención e información aos usuarios. Apertura e peche dos centros ou unidades.
- Funcións de mantemento e apoio as funcións xerais.
- Limpeza, lavandería, mantemento e apoio ás funcións xerais.
- Apoio en cociña e comedor segundo o centro e o tipo de servizo.
- Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

Vista a amalgama de funcións, a ningún se lle pode escapar que **a creación desta escala é a antítese da defensa da profesionalización e especialización do emprego público**.

CSIF propón a **eliminación** de todo o **punto tres do Artigo 9.- Escalas e especialidades dos corpos de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia**

Proposta de modificación do Artigo 10.- Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos puntos dous e tres do artigo 10 abordase a creación de escalas, dentro dos corpos de Administración especial, correspondentes o corpo de Bombeiros Forestais e a categorías da Consellería de Política Social.

Respecto a estas últimas, dende a CSIF vimos de expoñer no ámbito do Comité Intercentros da Xunta de Galicia, o noso rexeitamento a creación da categoría de Xerocultor e, loxicamente, mantemos o mesmo criterio para a creación da escala. Do mesmo xeito rexeitamos parte das titulacións que se pretenden para o acceso a dita escala e debemos manifestar o noso asombro pola inclusión como requisito válido de acceso os ciclos medios de Técnico en farmacia e parafarmacia e Técnico de emerxencias sanitarias, cando as materias formativas en ambos os casos son completamente distintas e non teñen nada en común coas funcións asignadas á escala que se pretende crear nin tampouco teñen relación co traballo que se desempeña nos centros socio-sanitarios da Xunta de Galicia.

CSIF propón a eliminación da escala de Xerocultor do artigo 10. tres

Respecto a creación das **escalas correspondentes ó corpo de Bombeiros Forestais da Xunta de Galicia** recollida con seu *artigo 10 do Capítulo I do Título II. Medidas Administrativas*, dende a CSIF facemos as seguintes consideracións:

1. O acordo asinado o 8 de setembro do 2016 sobre o recoñecemento da categoría de Bombeiro Forestal e o pase a segunda actividade establece, nas súas disposicións comúns:

A administración iniciará os trámites para a funcionarización do persoal de todas as categorías de prevención e extinción de incendios forestais comezando no ano 2017 coas categorías profesionais que se acorde coas organizacións sindicais.

Na lei da creación das escalas deste persoal establecerase a denominación da mesma así como a de cada unha das súas especialidades e funcións, e regularase a singularidade do persoal fixo-descontinuo.

2. O anteproxecto da lei de creación das escalas do persoal do SPDCIF non regula a singularidade do persoal discontinuo así como as medidas necesarias a adoptar para posibilitar a funcionarización do persoal laboral fixo que se atope prestando servizos en prazas discontinuas.

Neste senso, dende CSIF solicitamos o cumprimento do acordo, e polo tanto que a lei incorpore a regulación, cara o proceso de funcionarización, do persoal discontinuo. **Dita regulación contemplará necesariamente o incremento do período de prestación de servizos a todo o ano.**

3. Respecto a creación das diferentes escalas e especialidades que se recolle no anteproxecto de lei, CSIF considera que non reflexa nin reconece as diferentes

categorías existentes no SPDCIF. E tamén consideramos inadecuado o grupo de clasificación no que se pretende encadrar a parte das categorías:

CSIF mantén dende fai moitos anos que **os grupos de clasificación nos que están actualmente encadradas as categoría do SPDCIF supón unha clara infravaloración das súas función e das súas competencias**, feito que queda claramente demostrado coa asignación a todas elas do complemento de responsabilidade, que se xustifica, tal y como recolle o convenio, *“nunha responsabilidade de cualificada complexidade que, sen corresponder ao mando orgánico, exceda do normal exixible a súa categoría profesional”*.

É por elo que dende a **CSIF defendemos que é agora o momento de adecuar de forma correcta as funcións e a responsabilidade das futuras escalas e especialidades do SPDCIF** nos diferentes grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario. Asemade **a proposta da CSIF pretende configurar cara o futuro un corpo de Bombeiros Forestais escalonado e con posibilidades reais de promoción e desenrolo da carreira profesional** para dito colectivo, que estruturaríase do seguinte xeito:

- I. Corpo de Técnicos de carácter facultativo – **GRUPO B**
ESCALA: **Escala técnica de Bombeiros Forestais**

- II. Corpo de axudantes de carácter facultativo – **SUBGRUPO C1**
ESCALA: **Escala media de bombeiros forestais**
ESPECIALIDADES: Bombeiro/a Forestal Conductor/a de Motobomba
Bombeiro/a Forestal. Oficial
Operador/a de datos.
Oficial de 2ª mecánico máquinas SPDCIF

- III. Corpo de auxiliares de carácter técnico - **SUBGRUPO C2:**
ESCALA: **Escala básica de Bombeiros Forestais**
ESPECIALIDADES: Bombeiro/a Forestal
Bombeiro/a Forestal Conductor
Bombeiro/a Forestal Vixilante
Bombeiro/a Forestal Emisorista

En base ao exposto, CSIF propón a seguinte redacción do artigo 10 da Lei de Medidas Fiscais e Administrativas:

Artigo 10.- Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia

.....

Dous.- Engádesse na alínea 3 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, a escala técnica de Bombeiros Forestais, co seguinte contido:

Denominación	Especialidades	Grupo	Funciones	Titulación
Escala técnica de Bombeiros Forestais		B	Persoal que ten ao seu cargo de modo persoal e directo a vixilancia e execución das tarefas de prevención e extinción de incendios. Será o responsable directo e inmediato do persoal e medios ao seu cargo. Así mesmo, deberá conducir vehículos en ausencia do Bombeiro Forestal-Conductor cando o demanden as necesidades de servizo.	Técnico/a superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos ou Formación profesional de segundo ou grao equivalente. Carné conducir B

Tres.- Engádesse na alínea 4 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, a escala media de Bombeiros Forestais, co seguinte contido:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funciones	Titulación
Escala media de bombeiros forestais	Bombeiro/a Forestal Conductor/a de Motobomba	C1	Persoal que ten como misión principal conducir os vehículos motobomba do servizo e o mantemento destes en bo estado. Así mesmo, poderá levar a termo obras de construción, mellora e mantemento de infraestrutura vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais, manexando para tal fin tractores e diferentes tipos de maquinaria mecanizada	Bacharel ou técnico. Carné conducir C

			que demanden as referidas tarefas.	
	Bombeiro/a Forestal. Oficial		Persoal que tendo coñecementos completos das funcións que ten que desenvolver realiza traballos e obras de prevención e extinción de incendios forestais baixo a supervisión do seu superior, colaborando na transmisións das ordes, responsabilizándose dos medios postos á súa disposición. Conducirá vehículos cando o demanden as necesidades do servizo.	Bacharel ou técnico. Carné conducir B
	Operador/a de datos.		Persoal que manexa os medios materiais das oficinas do SPDCIF, para o tratamento da información, interpretando e desenvolvendo as instrucións e ordes tendentes á execución dos sistemas operativos do SPDCIF. Cando as circunstancias o requiran, poderán ser dedicados a outras funcións administrativas vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais.	Bacharel ou técnico.
	Oficial mecánico/a máquinas SPDCIF		Persoal que, tendo os coñecementos que correspondan de mecanización, se ocupa das reparacións e mantemento dos vehículos e maquinaria que se poidan realizar e os medios dos parques de maquinaria dos Servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. Así mesmo, deberá conducir vehículos cando o demanden as necesidades propias da súa categoría: traslado de vehículos avariados,	Ciclo Medio Electromecánica. Carné conducir B

			etc.	
--	--	--	------	--

Catro.- Engádesse unha alínea 4 bis na disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, co seguinte contido:

“4bis. No corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial créanse as seguintes escalas e especialidades:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funciones	Titulación
Escala de Auxiliares de clínica		C2	Todas aquelas actividades que, sen ter un carácter profesional sanitario, veñen facilitar as funcións do Médico e da Enfermeira ou Axudante Técnico Sanitario.	Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría ou técnico auxiliar da rama sanitaria
Escala básica de Bombeiros Forestais	Bombeiro/a Forestal	C2	Persoal que realiza labores que exixen predominantemente esforzo físico, vinculadas ás funcións de prevención e de defensa contra incendios, ocupándose, así mesmo, de levar a termo labores silvícolas preventivos de diminución da combustibilidade das masas forestais e obras de construción, mellora e mantemento da infraestrutura da citada defensa. Para tal fin, utilizarán maquinaria e apeiros de manexo manual propio de tarefas encomendadas de prevención e de	Graduado/a en E.S.O. ou equivalente

			defensa contra incendios.	
	Bombeiro/a Forestal Conductor		Persoal que realiza labores que exigen predominantemente esforzo físico, vinculados ás funcións de prevención e de defensa contra incendios, ocupándose, así mesmo, de levar a termo labores silvícolas preventivos de diminución da combustibilidade das masas forestais e obras de construción, mellora e mantemento da infraestrutura da citada defensa. Para tal fin, utilizarán maquinaria e apeiros de manexo manual propio de tarefas encomendadas de prevención e de defensa contra incendios e, ademais, conducirá vehículos dedicados ao transporte das cuadrillas e materiais do servizo	Graduado/a en E.S.O. ou equivalente. Carné conducir B
	Bombeiro/a Forestal Vixilante		Persoal que se ocupa da vixilancia de incendios, desde puntos fixos predeterminados, avisando destes mediante a utilización dos medios de comunicación postos á súa disposición e coidarán do mantemento das súas instalacións. Segundo as situacións de risco, poderá ser destinado a	Graduado/a en E.S.O. ou equivalente

			realizar labores de apoio aos emisoristas.	
	Bombeiro/a Forestal Emisorista		Persoal que ten como función principal a realización das transmisións entre as distintas unidades do SPDCIF a través dos medios postos á súa disposición, para asegurar unha adecuada comunicación dos avisos, ordes ou instrucións dentro do servizo. Cando as circunstancias o requiran poderán ser dedicados a funcións administrativas vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais.	Graduado/a en E.S.O. ou equivalente

Proposta de modificación do Artigo 12.- Persoal laboral temporal que desempeñe postos de persoal funcionario.

Despois de que as últimas sentenzas do Tribunal da Unión Europea obrigasen ás Administracións Públicas a equiparar las indemnizacións do persoal laboral temporal á do persoal laboral fixo, es dicir 20 días por ano traballado, a Consellería de Facenda planea, mediante lei, converter a todo o persoal laboral temporal en funcionarios interinos, coa intención de evitar o pago de dicha indemnización.

Si ben o Tribunal de Xustiza europeo reconece esta equiparación indemnizatoria entre o persoal laboral fixo e o temporal (ambos se rexen pola lexislación laboral), non reconece, de momento, esta equiparación para o persoal funcionario interino cuxo réxime xurídico é o dereito administrativo.

No ámbito da Función Pública galega a taxa de temporalidade no persoal laboral supoñe o 36% . Es dicir, en caso de despido, eses 3.600 traballadores temporais suxeitos ó réxime do dereito laboral terían dereito a ser indemnizados con 20 días por ano traballado.

Para evitar o novo réxime indemnizatorio imposto por Europa, Facenda pretende substituír o vínculo xurídico-laboral de estes traballadores por un vínculo xurídico-administrativo, de modo que, en caso de despedido non terían dereito a ningún tipo de indemnización.

Asemade se impoñe o despedido fulminante do traballador que se negue a cambiar el tipo de contrato de laboral temporal a funcionario interino.

Por todo o exposto, CSIF propón a seguinte redacción do artigo 12:

Artigo 12.- *Persoal laboral temporal desempeñen postos de traballo de persoal funcionario*

Engadese unha disposición transitoria primeira bis da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, co seguinte contido:

“Disposición transitoria primeira bis.- Persoal laboral temporal desempeñen postos de traballo de persoal funcionario

- 1. O persoal laboral temporal que na entrada en vigor desta lei estea desempeñando postos de traballo afectados pola creación das escalas de administración xeral e especial poderá seguir a desempeñalos.*
- 2. Entremetres nos se realicen as adaptación s necesarias para a provisión dos postos de traballo por persoal funcionario mencionados no apartado anterior, poderán seguir sendo provistos con persoal laboral temporal.*

Inclusión dunha nova disposición transitoria na lei de emprego público que garanta o acceso ás escalas de persoal funcionario ao persoal laboral fixo no proceso de funcionarización.

No caso do persoal laboral fixo que estea desempeñando postos de traballo afectados pola creación das escalas, e no caso de que o requisito de formación para a nova escala implique un maior nivel de cualificación que o exixido anteriormente, a Administración estudará os itinerarios profesionais particularizados dos empregados públicos interesados en obter a titulación necesaria de acceso a nova escala, e establecerase un itinerario formativo voluntario para a obtención da titulación académica -impartida pola Administración educativa- que lles permita presentarse ao proceso de funcionarización que se convoque.

Nova disposición transitoria da lei de emprego público. Prazas fixas descontinuas afectadas pola funcionarización

No caso dos postos de traballo afectados pola creación das escalas que teñan carácter fixo descontinuo, estes postos deixaran de ter unha prestación fixa descontinua para pasar a ser postos con prestación de servizos durante todo o ano.

Ofertas públicas de emprego nas categorías do SPDCIF afectadas pola funcionarización

No caso das categorías do SPDCIF afectadas pola funcionarización, as convocatorias de procesos selectivos pactados no acordo dos Bombeiros Forestais e a segunda actividade será convocados nas correspondentes categorías de persoal laboral.

Proposta de modificación do Artigo 15.- Provisión de postos de traballo e mobilidade

Se pretende mediante este artigo modificar o artigo 7 da *lei 1/2012 de medidas temporais...* para ofertar nos concursos de funcionarios os postos a aqueles funcionarios interinos que teñan dita condición con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005. A Administración xustifica dita medida na ausencia de afectados, pero dende a CSIF temos coñecemento de varios funcionarios interinos que están dentro do ámbito de aplicación do actual artigo 7 da lei 1/2012, polo que consideramos que dita modificación atenta contra a seguridade xurídica de ditos traballadores e tenta retirar dereitos adquiridos.

Solicitamos a retirada do artigo 15 de lei de medidas